



 <p>PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO</p>	<p>CONCRECIÓN CURRICULAR</p>
<p>Data de aprobación: Xuño de 2019</p>	<p>Data de modificación: Abril de 2022</p>
<p>Modificación feita en base á Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación Primaria, de ESO e de Bacharelato.</p>	



Contenido

PRÓLOGO	3
1. INTRODUCCIÓN	5
1.1 Organización do centro.....	5
1.2 Contextualización.....	7
2. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS DE CADA ETAPA AO CONTEXTO E ÁS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO	8
2.1 Obxectivos da etapa de Educación Primaria.....	8
2.2 Obxectivos da etapa de Educación Secundaria Obrigatoria.....	9
3. DECISIONS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA	11
4. CRITERIOS XERAIS SOBRE ELECCIÓN DE MATERIAIS CURRICULARES INCLUÍDOS, NO SEU CASO, OS LIBROS DE TEXTO	13
5. DIRECTRICES XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN DO ALUMNADO	15
5.1 Na Educación Primaria.....	15
5.2 Na Educación Secundaria Obrigatoria.....	18
6. CRITERIOS XERAIS SOBRE A PROMOCIÓN DO ALUMNADO	21
6.1 Na Educación Primaria.....	21
7. CRITERIOS XERAIS SOBRE A TITULACIÓN DO ALUMNADO	24
8. DIRECTRICES XERAIS E DECISIONS REFERIDAS Á ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO	25
9. DIRECTRICES XERAIS PARA ELABORAR OS PLANS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MAIS NO MESMO CURSO	25
6.1 Plan específico de reforzo para o alumnado de Educación Primaria.....	25
10. DIRECTRICES XERAIS PARA A ATENCIÓN AO ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES	27
11. CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS	28
12. ORIENTACIÓN XERAIS PARA INTEGRAR OS CONTIDOS TRANSVERSAIS NAS MATERIAS CURRICULARES	29



12. ORIENTACIÓNS XERAIS PARA INTEGRAR OS CONTIDOS TRANSVERSAIS NAS MATERIAS CURRICULARES	30
13. CRITERIOS PARA OUTORGAR AS MENCIÓNS HONORÍFICAS E/OU AS MATRÍCULAS DE HONRA.....	31
13.1 Mencions honoríficas na Educación Primaria	32
13.2 Criterios para outorgar as Matriculas de Honra ESO	32
14. MODELO PARA O INFORME FINAL DE CURSO E O CONSELLO ORIENTADOR.....	32
14.1 Modelo para o informe final de curso	32
14.2 Modelo de Consello Orientador.....	33
15. CONCRECIÓN DA OFERTA DE MATERIAS ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONFIGURACIÓN	34
16. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	35
17. AVALIACIÓN DAS CONCRECIÓNS CURRICULARES.....	36
18. LEXISLACIÓN VIXENTE	37
18.1 Lexislación a nivel estatal	37
18.2 Lexislación a nivel autonómico	37
18.2.1 Na Educación Primaria	38
18.2.2 Na Educación Secundaria Obrigatoria	38
PROCEDEMENTO, PRAZOS E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS QUE INTERVEÑEN NO PROCESO DE RECLAMACIÓN DE CUALIFICACIÓNS E DE DECISIÓNS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN.....	39

ANEXOS

Anexo 1: Modelo Informe de avaliación final

Anexo 2: Modelo Informe de seguimento e avaliación das ACS.

Anexo 3: Modelo de consello orientador

PRÓLOGO

O 30 de decembro de 2020 foi publicada no BOE a *Lei Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (LOMLOE)*. Isto obríganos a modificar determinados aspectos do Documento de Concreción Curricular revisado no curso 2018-2019 e aprobado en xuño dese ano académico. Así, iremos realizando as modificacións necesarias á medida que se vaia desenvolvendo e concretando a devandita Lei.

Esta lei reformula, en primeiro lugar, a definición de currículo, enumerando os elementos que o integran e sinalando que a súa configuración deberá estar orientada a facilitar o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e preparándoo para o exercicio pleno dos dereitos humanos, dunha cidadanía activa e democrática na sociedade actual. En ningún caso, poderá supoñer unha barreira que xenere abandono escolar ou impida o acceso e disfrute do dereito á educación.

En consonancia con isto, e mantendo o enfoque competencial, fai fincapé no feito de que a formación integral necesariamente debe centrarse no desenvolvemento das competencias. Así mesmo, e co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos títulos correspondentes, corresponde ao Goberno establecer os aspectos básicos do currículo, que constitúen as ensinanzas mínimas.

As administracións educativas serán as responsables de establecer o currículo correspondente para o seu ámbito territorial, incorporando os aspectos básicos sinalados anteriormente. Unha vez publicado, cómpre desenvolver e completar en cada centro educativo, o currículo das diferentes etapas e ciclos no uso da súa autonomía e tal como se recolle no capítulo II do título V da LOE.

As Administracións educativas determinarán a porcentaxe dos horarios escolares de que disporán os centros docentes para garantir o desenvolvemento integrado de todas as competencias da etapa e a incorporación dos contidos transversais a todas as áreas, materias e ámbitos. Así mesmo, revisarán periodicamente os currículos para adecualos aos avances do coñecemento, así como aos cambios e novas exixencias do seu ámbito local, da sociedade española e do contexto europeo e internacional.

No artigo 121 da LOE, defínense os aspectos que deben recoller os Proxectos Educativos de centro, relativos aos **valores**, aos **obxectivos** e ás **prioridades de actuación**, así como algúns aspectos que deben necesariamente incorporar como é o caso da concreción dos currículos que corresponde **fixar e aprobar ao claustro** así como **o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas**. **Ditos Proxectos**, [...]

recollerán a forma de atención á diversidade e a acción tutorial, así como o plan de convivencia, e deberán respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais [...].

Como novidade na LOMLOE, establécese que o proxecto educativo debe incluír un plan de mellora do centro, que se revisará periodicamente.

Os centros promoverán compromisos educativos entre as familias ou titores legais e o propio centro nos que se consignen as actividades que familias, profesorado e alumnado se comprometen a desenvolver para mellorar o rendemento académico do alumnado.

Por outro lado, estaremos pendentes da publicación de tódolos *Decretos polos que se regula o currículo das diferentes etapas educativas en Galicia* para adaptar os elementos da nosa Concreción Curricular.

De momento, os elementos da nosa Concreción Curricular seguen sendo os seguintes:

1. Introducción e contextualización
2. Adecuación dos obxectivos de etapa ao contexto e ás características do alumnado
3. Decisións xerais sobre metodoloxía.
4. Criterios xerais sobre elección de materiais curriculares, incluídos, no seu caso, os libros de texto.
5. Directrices xerais sobre a avaliación do alumnado.
6. Criterios xerais sobre a promoción do alumnado.
7. Criterios xerais sobre a titulación do alumnado.
8. Directrices xerais e decisións referidas á atención á diversidade do alumnado.
9. Directrices xerais para elaborar os plans específicos para o alumnado que permaneza un ano mais no mesmo curso.
10. Directrices xerais para a atención ao alumnado con materias pendentes.
11. Criterios xerais para a elaboración das programacións didácticas.
12. Orientacións xerais para integrar os contidos transversais nas materias curriculares.
13. Criterios para outorgar as mencións honoríficas e/ou as matrículas de honra.
14. Modelo para o informe de avaliación final e o consello orientador.
15. Concreción da oferta de materias específicas e de libre configuración.
16. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.
17. Avaliación das Concrecións Curriculares.
18. Lexislación vixente

1. INTRODUCCIÓN

1.1 Organización do centro

A *Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*, no apartado catro do seu artigo único dá unha nova redacción ao artigo 6 da LOE no que respecta á súa definición, aos seus elementos básicos e á distribución de competencias entre o Goberno e as Comunidades Autónomas. Nesta redacción, trátase de garantir unha estrutura do currículo ao servizo dunha educación inclusiva e acorde coa adquisición de competencias, que valore ademais a diversidade. Así, define o currículo como “o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas na presente lei. No caso das ensinanzas de formación profesional consideraranse parte do currículo os resultados de aprendizaxe”.

De acordo co citado artigo, o currículo deberá estar integrado polos seguintes elementos:

- **Os obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa.**
- **As competencias**, ou capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza ou etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- **Os contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en **materias**, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.
- **A metodoloxía didáctica**, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes coma a organización do traballo dos docentes.
- **Os criterios de avaliación** do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa.

Así, a nivel estatal, e mediante o Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro, o Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo e o Real Decreto , de establécese a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria respectivamente,

De acordo co artigo 31 da *Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia (BOE do 21 de abril)*, é competencia plena da Comunidade Autónoma Galega a

regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da **Constitución** e nas *Leis Orgánicas* que, conforme ao apartado primeiro do artigo 81 da mesma, o desenvolven, das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da **Constitución**, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

Os *Decretos* que regulan o *currículo na nosa Comunidade Autónoma* e nas etapas educativas de Educación Infantil, Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria son, no curso actual 2021-2022 e á espera da publicación dos derivados da LOMLOE, o **Decreto 105/2014, do 4 de setembro** (DOG do 9 de setembro) e o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño** (DOG do 29 de xuño), respectivamente.

Respondendo ao principio de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión dos centros educativos que a **Lei Orgánica 2/2006**, de Educación recolle no seu capítulo II do título V, **procedemos neste documento a desenvolver e completar o currículo establecido en cada un dos Decretos que regulan na Comunidade Autónoma de Galicia as etapas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.**

As variables que tivemos en conta, na contextualización dos diferentes elementos curriculares foron, en liñas xerais, as seguintes:

- As características, potencialidades e necesidades, do entorno rural no que se atopa o centro e do que procede o noso alumnado (a dispersión poboacional; os recursos naturais e socioculturais que se ofertan dende diferentes entidades; os escasos medios de transporte público; a necesidade de compensación cultural e de alfabetización dixital; a escasa implicación familiar na motivación e no fomento de hábitos de estudo, hábito lector e hábitos de vida saudable dos seus fillos-as; a participación familiar na súa propia formación; a desigualdade de xénero; etc).
- Os recursos persoais, organizativos e funcionais dos que dispón o centro e a contorna.
- A implicación e participación dos diferentes estamentos da comunidade educativa na organización e funcionamento do centro, así como no desenvolvemento de proxectos, programas e actividades.
- As características, potencialidades, necesidades, intereses e expectativas do noso alumnado: o uso abusivo das novas tecnoloxías e de condutas de risco asociadas ás tics; a necesidade de empatía e respecto á diferenza; etc.

1.2 Contextualización

O *C.P.I. Plurilingüe da Picota* está ubicado no concello de Mazaricos. Os núcleos de poboación están bastante dispersos o que trae consigo algún que outro “quebradeiro de cabeza” para o alumnado e as súas familias: viaxes diarios para asistir ao colexio e ás actividades extraescolares, deportivas e de lecer; dificultades para o acceso a estudos post-obrigatorios, etc.

A maioría das familias habitan en vivendas unifamiliares, onde é habitual que convivan tres xeracións ou incluso catro, sendo en moitos dos casos os avós os encargados de atender aos nenos/nenas nos tempos de lecer. Polo xeral, a lingua que se emprega no núcleo familiar é a galega.

Esta poboación dedícase sobre todo á agricultura e á gandería, xa sexa por conta propia ou allea, en explotacións veciñais. Comeza a crecer o número de persoas novas, en idade laboral, que optan por buscar emprego, noutros sectores produtivos, aínda que isto lles obrigue a saír, en bastantes casos, do seu propio concello.

En liñas xerais, o nivel socio-económico das familias é medio, aínda que o nivel cultural é xeralmente baixo. A distancia que separa aos habitantes deste municipio dos núcleos urbanos dificulta o acceso á información. Así, as iniciativas, proxectos e actividades (extraescolares, culturais, deportivas, etc) ofertadas dende o Concello, Colexio, ANPA, asociacións, Centro de Saúde, Cruz Vermella, así como os servizos psicopedagóxicos, existentes na zona, están sendo ben acollidos polas familias e polos nenos e nenas, observando unha participación que vai en aumento. Aínda así, cómpre seguir incidindo para que continúe incrementándose a participación das familias nas actividades formativas e informativas que se ofertan dende a escola. A educación dun neno e dunha nena require implicación, coordinación e coherencia entre os diferentes membros do núcleo familiar e, entre estes e o centro, polo que continuaremos fomentando esta relación. Por outra banda, as posibilidades que se lles abren coas novas tecnoloxías da información e da comunicación, fan que o acceso á cultura non sexa un impedimento para aqueles que elixen o medio rural para vivir, aínda que a escaseza de medios de transporte público, entre núcleos urbanos, convértense nun obstáculo, na toma de decisións do noso alumnado para continuar estudos.

Todo o aquí exposto, son motivos máis que suficientes para que, na nosa planificación inicial e nas nosas intervencións nos axustemos, na medida do posible, ás necesidades e posibilidades reais da nosa comunidade educativa, así como da contorna. É fundamental escoitar a opinión

das familias, acompañalas ao longo do proceso educativo dos seus/súas fillos/as, manter contactos permanentes con elas, facilitar información, asesorar e crear un espazo educativo “*espazo familias*”, colaborando na medida do posible na posta en marcha da escola de pais-nais, “préstamo de libros”, etc., que compensen as carencias detectadas.

2. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS DE CADA ETAPA AO CONTEXTO E ÁS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

Neste apartado do documento concretamos os referentes relativos aos logros que o alumnado debe acadar ao finalizar cada unha das etapas da Educación Obrigatoria, como resultado do proceso de ensino- aprendizaxe .

2.1 Obxectivos da etapa de Educación Primaria

Concretamos os obxectivos recollidos no artigo 3º do **Decreto 105/2014** (DOG do 9 de setembro):

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver, atendendo ás posibilidades e peculiaridades do noso alumnado, hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir, na medida das posibilidades do alumnado, habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse co maior grao de autonomía posible no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado, tendo en conta as potencialidades do alumnado, a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia e co seu entorno máis próximo.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo dentro das potencialidades do alumnado un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado e respecto.
- m) Desenvolver, no maior grao posible, as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico e daqueles que se producen no medio rural por un uso incorrecto de maquinaria agrícola.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia e/ou da súa realidade máis próxima, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2.2 Obxectivos da etapa de Educación Secundaria Obrigatoria

Concretamos os obxectivos recollidos no artigo 10º do **Decreto 86/2015** (DOG do 29 de xuño).

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e

grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar, atendendo ás potencialidades do alumnado, hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos, cada quen na medida das súas potencialidades.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer, valorar e respectar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3. DECISIONS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA

O proceso de ensino-aprendizaxe deberá partir dunha planificación metodolóxica previa, que inclúa os recursos, métodos didácticos, instrumentos e procedementos de avaliación da aprendizaxe máis axeitados para que o alumnado poida acadar os obxectivos e competencias clave de cada curso ou etapa educativa.

Tendo en conta as propostas metodolóxicas dispostas na **LOMCE**, así como as orientacións recollidas no anexo II da **Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro** (BOE 29 de xaneiro), é necesaria unha adecuada coordinación entre os docentes sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se empreguen, polo que cómpre tomar como referencia os seguintes criterios:

- a. Elaboraranse tendo en conta os diferentes condicionantes nos que se vai desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe, como son: as características do alumnado, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos e, por suposto, a natureza da materia.
- b. Deberase optar por **metodoloxías activas e contextualizadas** que permitan ao alumnado ter un papel activo no seu proceso de aprendizaxe, que lle axuden a comprender o que aprende, saber para qué o aprende e poder empregalo en distintos contextos. Así estarase potenciando nel a motivación, a curiosidade, a responsabilidade e a autonomía.

- b) Isto require que o docente exerza un papel de orientador, mediador e facilitador na adquisición de competencias do alumnado, acompañándoo ao longo de todo o proceso de aprendizaxe, proporcionándolle as axudas que precise e plantexando situacións e problemas que xeneren aprendizaxes máis transferibles e duradeiros.
- c) Deberanse seleccionar **metodoloxías que axuden ao alumnado a organizar o seu pensamento; que favorezan nel a capacidade de aprender; que permitan a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora** para que sexa quen de aplicar as competencias que xa posúe (coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes persoais) ás novas aprendizaxes e/ou a proxectos reais que se pretendan.
- d) Deberán facer referencia aos diferentes **materiais e recursos** seleccionados e/ou deseñados **para adaptarse aos distintos niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, procurando atender á diversidade na aula.**
- e) **A integración das TICs** no proceso de ensino e aprendizaxe deberá **ser un aspecto prioritario** que non debe quedar en segundo plano.
- f) **Deberán axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado**, polo que cómpre partir de unha avaliación inicial previa.
- g) As metodoloxías activas **deberán empregar estruturas de aprendizaxe individual e cooperativo** que permitan ao alumnado, a través da resolución conxunta de tarefas, intercambiar ideas e coñecer as estratexias empregadas por cada membro do grupo e poder aproveitar e aplicar en situacións similares.
- h) As metodoloxías que se empreguen deberán permitir, na medida do posible, desenvolver procesos de ensino e aprendizaxe **partindo de centros de interese, de estudo de casos, de aprendizaxes contextualizadas e participar en algunha aprendizaxe por proxectos** que se propoña a nivel de centro ou entre determinadas materias.
- i) Prestaremos unha atención **personalizada en función das necesidades** de cada alumno e alumna.
- j) Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.
- k) Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, **deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas** que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

- l) **Impartiranse de xeito integrado o currículo das diferentes linguas**, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa. Tendo en conta isto, **cómpre chegar a acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación, terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe** similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.
- m) Procurarase o **traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar** do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.
- n) Fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. De acordo co disposto no artigo 24.6 da *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.
- o) Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarse un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias. Deste xeito todas as áreas apoiarán, a través do uso de diferentes tipos de texto, a adquisición das competencias clave, o hábito lector e o uso crítico da información.
- p) Estableceranse alternativas metodolóxicas diferenciadas (selección e/ou adaptación de recursos, estratexias e instrumentos de avaliación, adaptación de actividades e tempos, tipos de agrupamento, priorización de elementos curriculares, etc) para o alumnado que polas súa necesidade específica de apoio educativo así o requira, sendo consideradas como medidas de reforzo educativo. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

4. CRITERIOS XERAIS SOBRE ELECCIÓN DE MATERIAIS CURRICULARES INCLUÍDOS, NO SEU CASO, OS LIBROS DE TEXTO

Os materiais curriculares constitúen un dos factores determinantes da práctica educativa, dado que son instrumentos básicos de organización das tarefas escolares en canto que son un

referente de uso no que o alumnado apoia gran parte da súa aprendizaxe escolar á vez que facilitan a práctica docente do profesorado.

Seguindo a *Teoría da aprendizaxe de Piaget*, a *Teoría da aprendizaxe significativa de Ausubel*, a *Teoría da aprendizaxe social de Bandura*, entre outras, os nenos e nenas aprenden a través das propias experiencias, requiríndose así recursos que lles permitan experimentar e realizar unha aprendizaxe activa. Para que isto ocorra, os recursos e materiais educativos deberán cumprir a función de provocar que o alumnado comente, experimente, deduza, escoite... e, en definitiva enriqueza a experiencia sensorial, base da aprendizaxe.

No exercicio da autonomía pedagóxica de cada centro educativo, o equipo docente poderá acordar os materiais curriculares que se utilizarán en cada curso e materia tendo en conta o cumprimento dunha serie de requisitos:

- Que teñan coherencia coas competencias curriculares así coma cos contidos e criterios de avaliación recollidos no currículo prescriptivo.
- Que respondan aos intereses e necesidades de aprendizaxe do alumnado.
- Que estean adaptados ao nivel de desenvolvemento do alumnado.
- Que activen a imaxinación e creatividade.
- Que fomenten o traballo en grupo e a aprendizaxe significativa.
- Que sirvan de estímulo para a experimentación, o contacto coa realidade, a reflexión e a conciencia crítica.
- Que favorezan o intercambio de experiencias entre o alumnado e co docente.

Na elección de libros de texto respectarase o disposto na **Orde do 29 de maio de 2013 (DOG do 30 de maio)** na que se recolle que o período de vixencia dos libros de texto e dos materiais curriculares será de seis cursos académicos.

Nesa Orde está recollido tamén que os libros de texto só se poderán substituír cando razóns excepcionais de carácter pedagóxico ou científico o aconsellen, con permiso da Xefatura Territorial, logo do informe da inspección educativa, previa solicitude do centro.

Sen prexuízo do anterior, os libros de texto do alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria serán substituídos en cursos sucesivos, ao non poder ser reutilizados por tratarse de material funxible.

Así mesmo, teranse en conta as Ordes que anualmente se publiquen para regular a participación no **fondo solidario** de libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado de escolarización obrigatoria e de centros de educación especial.

Tendo en conta o anteriormente citado, o equipo docente de cada nivel educativo escollerá os libros de texto que se van a utilizar no seguinte curso, presentaraos ao Claustro de profesorado e daraos a coñecer ao Consello Escolar e enviará o listado á inspección educativa.

No mes de xuño de cada ano deberá expoñerse no taboleiro de anuncios do centro, así coma na páxina web o citado listado, facendo constar o **título, autor, editorial e ISBN**.

***O profesorado poderá valorar a posibilidade de incorporar materiais de elaboración propia e/ ou recursos TICs para o alumnado, se o considera pertinente.**

Seguindo os criterios antes mencionados, **cómpre poñer especial atención na elección dos materiais que o alumnado con Necesidade Educativa Especial vaia utilizar**, procurando, adaptalos ao nivel de desenvolvemento de cada un. Procurarase que cumpran os seguintes requisitos:

- Sexan variados e faciliten a estimulación de todos os sentidos posibles como medio de adquisición da información.
- Que permitan a manipulación para que a aprendizaxe se realice por experimentación.
- Deberán estar enriquecidos con imaxes atractivas e outros elementos que potencien a motivación.

5. DIRECTRICES XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Con data procedemos a actualizar estas directrices xerais para adaptalas á Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia que resulten de aplicación ata a implantación das modificacións introducidas pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no currículo, na organización e nos obxectivos e nos programas de cada unha desas etapas, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

5.1 Na Educación Primaria

A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

No proceso de avaliación continua, **cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo** a adoptar en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento do alumnado con necesidades educativas especiais, que garanticen a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

Na valoración do desenvolvemento das competencias teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos seguintes: **insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB)**. A estes termos daráselle unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente (1, 2, 3 ou 4); Suficiente (5); Ben (6); Notable (7 ou 8); Sobresaliente (9 ou 10).

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe. Cando este alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita

adaptación, sen que isto poida impedirle ao alumno/a a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

O proceso de avaliación constará dunha avaliación inicial e de tres sesións de avaliación para cada grupo ao longo do curso.

O primeiro mes do curso escolar, a persoa titora realizará unha **avaliación inicial** do seu grupo correspondente coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais de etapa ou curso anterior e completaráse coa información obtida das familias e do resto do profesorado. Así mesmo convocará unha **xunta de avaliación** co equipo docente, á que deberá asistir o/a xefe/a de estudos, algún dos membros do departamento de orientación e, a ser posible, a persoa titora do curso anterior.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao deseño das programacións didácticas e das programacións de aula, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para o alumnado.

As **sesións de avaliación** serán presididas e coordinadas pola persoa titora, que recollerá en acta o desenvolvemento das sesións, as cualificacións nas distintas áreas, así como as valoracións e conclusións sobre o nivel de rendemento do grupo e do alumnado, e tamén os acordos adoptados tanto a nivel grupal como individual. Nelas participará o profesorado que imparte docencia no mesmo, co asesoramento do departamento de orientación.

Os resultados da avaliación das competencias clave reflectiranse na acta de avaliación final de cada curso, expresándose nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, e Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas.

Ata a implantación das modificacións introducidas pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, no currículo, na organización e nos obxectivos das ensinanzas de educación primaria, así como o procedemento de expresión dos resultados de avaliación axustaranse ao previsto no artigo 14 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria polo que, de momento continuará vixente o seguinte:

As decisións adoptadas nas sesións de avaliación reflectiranse nos documentos de avaliación oficiais: actas de avaliación, expediente académico, historial académico de educación primaria, informe persoal por traslado, así como no informe final de etapa. A cumprimentación destes informes farase **segundo os criterios acordados na CCP.**

Cando un alumno/ alumna se traslade a outro centro, remitirase ao centro de destino, por petición de este, copia do historial académico de educación primaria e o informe persoal por traslado.

O informe persoal por traslado conterá os resultados das avaliacións realizadas, a aplicación de medidas curriculares e organizativas, e todas aquelas observacións que se consideren de interese.

Ademais teranse en conta as seguintes condicións que establece a nova Orde de avaliación:

- a) As actas de avaliación dos diferentes cursos pecharanse ao termo do período lectivo ordinario.
- b) Igualmente, no historial académico consignaranse os resultados da avaliación que terá lugar ao finalizar o curso, sen distinción de convocatorias.

5.2 Na Educación Secundaria Obrigatoria

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será **continua, formativa e integradora** e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe .

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

As sesións de avaliación son as reunións do equipo docente de cada grupo-clase, coordinadas pola persoa titora e co asesoramento do/a orientador/a do centro. A persoa coordinadora será a encargada de trasladar á dirección do centro os acordos que procedan. O departamento de orientación ofrecerá asesoramento e apoio sobre a avaliación do alumnado, en especial do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Realizarase unha avaliación inicial no primeiro mes de cada curso académico co obxectivo de coñecer o grao de desenvolvemento acadado nas aprendizaxes básicas e no dominio dos contidos e as competencias adquiridas nas distintas materias. Cada departamento elaborará un **plan para a avaliación inicial do alumnado, así como medidas a adoptar en función dos resultados**. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais de etapa ou curso anterior e completaráse coa información obtida das familias e do resto do profesorado. Así mesmo convocará unha **xunta de avaliación** co equipo docente, á que deberá asistir o/a xefe/a de estudos, algún dos membros do departamento de orientación e, a ser posible, a persoa titora do curso anterior.

A **avaliación inicial** será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao deseño das programacións didácticas e das programacións de aula, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo e recuperación pertinentes, permitindo así unha atención individualizada en función das necesidades.

Terá un carácter orientador e informarase ás familias dos seus resultados, pero non comportará cualificacións.

Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Nestas sesións, farase tamén o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso. Haberá ademais (a final de curso) unha avaliación final ordinaria na que se decide a promoción.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.

As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

Despois de cada sesión de avaliación, a persoa titora de cada grupo enviará ás familias o boletín de cualificacións, incluíndo as faltas de asistencia, as medidas de atención á diversidade aplicadas e as observacións que considere oportunas. Despois da sesión de avaliación final, incluírase tamén nesta información ás familias a decisión sobre a promoción ou non ao curso seguinte, así como a decisión sobre a titulación, de ser o caso.

Estas comunicacións formais por parte das persoas titoras formarán parte dun proceso máis amplo de comunicación entre o profesorado e as familias en relación coa valoración do aproveitamento académico do alumnado e a marcha do proceso de aprendizaxe, así como no referente ás medidas de atención á diversidade aplicadas.

Os criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado serán elaborados e publicados polo centro. Os departamentos didácticos elaborarán a información relativa ás programacións, que darán a coñecer ao alumnado e ás familias.

O alumnado e as súas familias poderán solicitar do profesorado as aclaracións que precisen acerca da valoración, da cualificación ou das decisións que se adopten sobre o proceso de aprendizaxe.

En todo caso, a reclamación formal abranguerá unicamente as cualificacións finais. **No suposto de que**, tralas oportunas aclaracións, **exista desacordo coa cualificación final do alumno ou coa decisión de promoción**, o/a alumno/a ou os seus titores legais **poderán solicitar** por escrito, ante a dirección do centro, **a revisión da cualificación ou da decisión de promoción**, no prazo de dous días lectivos a partir do día da comunicación. O proceso de reclamación axustarase ao disposto na *orde do 2 de marzo de 2021* pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que

corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

***Procedemento de reclamación no centro** (inclúe as **solicitudes de reclamación**)

6. CRITERIOS XERAIS SOBRE A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

6.1 Na Educación Primaria

Seguindo o establecido no **Decreto 105/2014** e no artigo 6 da **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, os **criterios xerais** nos que nos basearemos para decidir a promoción do alumnado desta etapa educativa serán os seguintes:

1. Ao finalizar 2º, 4º e 6º e, como consecuencia do proceso de avaliación o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. **A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio da persoa titora.** A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. **A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida excepcional e tomarase, tras aplicar as medidas ordinarias** suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno e, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, **o equipo docente organizará un plan específico de reforzo** para que, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. **Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal e,** terá en todo caso, carácter excepcional.

No caso do alumnado con necesidades educativas especiais, cando as circunstancias persoais o aconsellen, para a consecución dos obxectivos do ensino básico, poderase prolongar un curso adicional a súa escolarización. Estas circunstancias poderán ser permanentes ou transitorias e deberán estar suficientemente acreditadas polos servizos de orientación.

3. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

4. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa a persoa titora emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.

5. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

6. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

7. Cada alumno/a é un caso individual, de forma que a **aplicación dos criterios de promoción será flexible**, valorando obxectivamente as características, posibilidades e intereses do alumnado en relación ao que se considere mellor opción para que o interesado alcance as finalidades da etapa.

6.2 Na Educación Secundaria Obrigatoria

Segundo o artigo **23 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo 8 da **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, os **criterios xerais** que teremos en conta para decidir a promoción do alumnado desta etapa educativa serán os seguintes:

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción de cada alumno/a. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de

adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

4. Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. **A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional** e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

6. Para a elaboración e o seguimento do plan específico personalizado a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio.

De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

8. Ao final de cada curso de ESO entregaráselle á familia de cada alumno/a un consello orientador que incluíra unha proposta do itinerario máis adecuado a seguir, así como o grao de consecución dos obxectivos de etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. Este consello orientador incluírase no expediente do/a alumno/a.

7. CRITERIOS XERAIS SOBRE A TITULACIÓN DO ALUMNADO

Para decidir a titulación do alumnado de ESO seguiremos o disposto nos artigos 10 e 11 da **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. Así, os **criterios xerais** a ter en conta para que o alumnado de 4º de ESO titule serán os seguintes:

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente na sesión de avaliación final, decidirá sobre a titulación de cada alumno/a. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 da orde, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais, o equipo docente poderá decidir a obtención do título, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.

3. O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.

4.O alumnado recibirá, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.

5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

6. A superación da totalidade dos módulos incluídos nun ciclo de formación profesional básica conducirá á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria

8. DIRECTRICES XERAIS E DECISIÓNS REFERIDAS Á ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO

Remitir ao Plan de Atención á Diversidade.

9. DIRECTRICES XERAIS PARA ELABORAR OS PLANS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MAIS NO MESMO CURSO

6.1 Plan específico de reforzo para o alumnado de Educación Primaria

Tal e como establece o artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:

1. Cando unha alumna o un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e se desenvolverá ao longo de todo o curso.

2. O plan específico de reforzo debe incluír, polo menos:

- a. Identificación da alumna ou do alumno.
- b. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d. Estratexias metodolóxicas que se empregarán no seu desenvolvemento.
- e. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f. Oferta de medidas extraordinarias, se é o caso.
- g. Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, levaranse a cabo os axustes que procedan. Ao final de curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

9.2 Plan específico personalizado para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

O artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, establece que:

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación da persoa titora, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

2. O plan específico personalizado debe incluír, polo menos:

- a. Identificación da alumna ou do alumno.
- b. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición de curso.
- c. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d. Estratexias metodolóxicas que se empregarán no seu desenvolvemento.

- e. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f. No seu caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g. Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser preciso, levaranse a cabo os axustes que procedan. Ao final de curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

4. A persoa titora correspondente deberá comunicar ás familias o plan deseñado para o/a seu/súa fillo/a e solicitar a implicación destas no seguimento de dito plan.

5. O profesorado que intervéñen na aplicación personalizada das medidas a adoptar, coordinado pola persoa titora correspondente, será o responsable de realizar o seu **seguimento e avaliación trimestral**, establecendo previamente os procedementos e indicadores máis adecuados.

10. DIRECTRICES XERAIS PARA A ATENCIÓN AO ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar

Segundo o artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias pendentes deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia pendente, baixo as directrices do seu departamento didáctico e co coñecemento da persoa titora, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Ese plan deberá adaptarse ás particularidades de cada alumna o alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna/ alumno.

3. O plan de reforzo debe incluír:

- a. Identificación da alumna/ alumno.
- b. Información relevante sobre a materia/s sen superar.

- c. Currículo a desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d. Estratexias metodolóxicas.
- e. Recursos.
- f. Tarefas e temporalización das mesmas.
- g. Seguimento e avaliación.
- h. Acreditación da información á familia

4. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser o caso, levaranse a cabo os axustes necesarios. Na sesión de avaliación final de curso o profesor/a da materia que corresponda decidirá sobre a súa avaliación. En todo caso, para superar a materia pendente, o/a alumno/a deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo, o que se terá en conta a efectos de promoción e/ou titulación.

11. CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Segundo o artigo 27 da **Resolución do 11 de maio de 2018** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, **mentres esta non sexa modificada por outras normativas posteriores**, os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendada na organización do centro. A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento.

A programación didáctica de cada materia deberá incluír, os seguintes elementos:

- a) Introducción e contextualización.
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competencias.
- c) Concreción dos obxectivos para cada curso.
- d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
 - 1. Temporalización.
 - 2. Grao mínimo de consecución de todos os estándares de aprendizaxe para superar a materia.

3. Procedementos e instrumentos de avaliación.
- e) Criterios de cualificación.
 - f) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
 - g) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
 - h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
 - i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
 - j) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
 - k) Medidas de atención á diversidade.
 - l) Concreción dos elementos transversais que se traballarán en cada curso.
 - m) Actividades complementarias e extraescolares programadas polo departamento.
 - n) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.
- As programacións de Lingua Castelá e Literatura e as de Lingua Estranxeira, poderán estar redactadas nas respectivas linguas.

12. ORIENTACIÓNS XERAIS PARA INTEGRAR OS CONTIDOS TRANSVERSAIS NAS MATERIAS CURRICULARES

O **Decreto 105/2014** polo que se establece o currículo de Educación Primaria en Galicia, así como o **Decreto 86/2015** que establece o currículo de Educación Secundaria na mesma comunidade recollen o concepto de **contidos transversais**. Podemos definir estes elementos como contidos que deben estar presentes nas diferentes áreas curriculares e que deben impregnar toda a práctica educativa.

Nos devanditos decretos recóllense os seguintes contidos transversais:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as áreas.
- Que se adoptarán medidas que fomenten a calidade, a equidade e a inclusión educativa, para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a una educación de calidade en igualdade de oportunidades.

- Que se han de desenvolver valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación.
- Que se promoverá a aprendizaxe de prevención e resolución pacífica de conflitos.
- Que se evitarán comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero.
- Que se incorporarán á práctica docente elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e co medio ambiente, elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor así como elementos e accións para a mellora da convivencia e da seguridade viaria.

No citado **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 10 recóllese como primeiro obxectivo desta etapa a contribución a desenvolver no alumnado capacidades que lles permitan “ *asumir responsablemente os seus deberes , coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a soliedariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural a preparase para o exercicio da cidadanía democrática*”. Este obxectivo será inalcanzable traballando só materias curriculares, a vía é a transversalidade que é característica ademais da aprendizaxe por competencias.

12. ORIENTACIÓNS XERAIS PARA INTEGRAR OS CONTIDOS TRANSVERSAIS NAS MATERIAS CURRICULARES

O **Decreto 105/2014** polo que se establece o currículo de Educación Primaria en Galicia, así como o **Decreto 86/2015** que establece o currículo de Educación Secundaria na mesma comunidade recollen o concepto de **contidos transversais**. Podemos definir estes elementos como contidos que deben estar presentes nas diferentes áreas curriculares e que deben impregnar toda a práctica educativa.

Nos devanditos decretos recóllense os seguintes contidos transversais:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as

tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as áreas.

- Que se adoptarán medidas que fomenten a calidade, a equidade e a inclusión educativa, para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a una educación de calidade en igualdade de oportunidades.
- Que se han de desenvolver valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación.
- Que se promoverá a aprendizaxe de prevención e resolución pacífica de conflitos.
- Que se evitarán comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminacións por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero.
- Que se incorporarán á práctica docente elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e co medio ambiente, elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor así como elementos e accións para a mellora da convivencia e da seguridade viaria.

No citado **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 10 recóllese como primeiro obxectivo desta etapa a contribución a desenvolver no alumnado capacidades que lles permitan “ *asumir responsablemente os seus deberes , coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a soliedariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural a preparase para o exercicio da cidadanía democrática*”. Este obxectivo será inalcanzable traballando só materias curriculares, a vía é a transversalidade que é característica ademais da aprendizaxe por competencias.

13. CRITERIOS PARA OUTORGAR AS MENCIONS HONORIFICAS E/OU AS MATRÍCULAS DE HONRA

O alumnado con maior rendemento académico que finalice a etapa de Educación Primaria ou ESO, segundo o caso, poderá obter un recoñecemento especial se cumpre os requisitos seguintes:

13.1 Mencións honoríficas na Educación Primaria

De acordo co artigo 14 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, poderase propoñer o outorgamento de unha Mención Honorífica ao alumnado que obtivese Sobresaínte ao finalizar educación primaria nunha área e que demostre un rendemento académico excelente.

13.2 Criterios para outorgar as Matriculas de Honra ESO

1. O/A alumno/a que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivese unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. Poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado de cuarto curso. En todo caso, cando o número de alumnado de cuarto sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.
2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna/alumno.
3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra serán establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

En caso de que o número de candidatos supere ao número de matrículas que se poden outorgar, teranse en conta os seguintes criterios, seguindo esta orde:

1. Maior nota media.
2. Maior nota en competencias.
3. Valía persoal (capacidade de esforzo, autonomía persoal, habilidades, destrezas,...).

14. MODELO PARA O INFORME FINAL DE CURSO E O CONSELLO ORIENTADOR

14.1 Modelo para o informe final de curso

Co obxecto de dar continuidade ao proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, ao final de cada curso escolar, a persoa titora que teña na súa titoría alumnado con esas necesidades, deberá deixar constancia no expediente de cada un deles, dos resultados máis salientables da avaliación e seguimento realizados.

***Modelo para o informe final de curso. ANEXO 1**

14.2 Modelo de Consello Orientador

De acordo co artigo 9 da **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, **ao finalizar o segundo curso de educación secundaria obrigatoria entregaráselles aos pais, ás nais ou ás persoas titoras legais de cada alumna/o un consello orientador**. Este consello incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais, nais ou titores ou titoras legais, ou, de ser o caso, á alumna ou ao alumno, da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.

2. Igualmente, **ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización, todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado** que incluírá unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes. Este consello orientador terá por obxecto que todo o alumnado atope unha opción adecuada para o seu futuro formativo.

3. Ademais, cando o equipo docente considere conveniente propor a pais, nais, titores ou titoras legais, ou á alumna ou ao alumno a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, ou ao primeiro curso dun programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, nalgún outro curso en que resulte de aplicación, a devandita proposta formularase a través dun consello orientador que se emitirá con esa única finalidade.

4. Este consello orientador elaboraráo a persoa titora, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do departamento de orientación. Levará a sinatura da persoa titora e da persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación, e o visto e prace da dirección do centro docente. O consello orientador incluírase no expediente da alumna ou do alumno.

O consello orientador incluírase no expediente do alumno ou da alumna.

***Modelo de consello orientador. ANEXO**

15. CONCRECIÓN DA OFERTA DE MATERIAS ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONFIGURACIÓN

Para a etapa de Educación Primaria, as disciplinas específicas serán as que quedan reflectidas no artigo 8 do **Decreto 105/2014** polo que se establece o currículo na Educación Primaria en Galicia.

No bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, os alumnos e as alumnas deben cursar a área de Lingua Galega e Literatura, segundo recolle dito decreto no seu artigo 8.4.

De acordo co artigo 8.5 do **Decreto 105/2014**, os centros docentes poderán dedicar as horas de libre configuración do centro ao afondamento e/ou reforzo dalgunha das áreas contempladas neste artigo. Así mesmo, poderán optar por establecer outra ou outras áreas que determine o centro, segundo o seu proxecto educativo e previa autorización da Consellería competente en materia educativa. En todo caso, respectarase o tratamento análogo das linguas cooficiais e os criterios de equilibrio establecidos no **Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario**.

Para a etapa de Educación Secundaria Obrigatoria, as disciplinas específicas serán as que quedan reflectidas no artigo 3.1.b. **Decreto 86/2015**, polo que se establece o currículo na Educación Secundaria en Galicia.

Para a configuración dos itinerarios educativos do centro terase en conta o número e as preferencias do alumnado, así como a dispoñibilidade de recursos humanos.

Igualmente en Educación Secundaria Obrigatoria, no bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, o alumnado debe cursar a área de Lingua Galega e Literatura, segundo recolle o artigo 3.1. do **Decreto 86/2018**, polo que se regula o currículo de Educación Secundaria en Galicia.

As horas de libre configuración do centro poderán dedicarse ao afondamento e/ou reforzo dalgunha das áreas contempladas no artigo 13.4 do **Decreto 86/2015**. Así mesmo, poderase optar por establecer outra ou outras áreas que determine o centro, segundo o seu Proxecto Educativo e previa autorización da Consellería competente en materia educativa.

Tal e como recolle a normativa, a oferta de materias de libre configuración do centro, precisa a autorización do servizo territorial correspondente, logo do informe da inspección educativa, polo que o centro debe remitir, no prazo indicado, a documentación necesaria, que incluírá, polo menos:

- a) Título da materia.

b) Xustificación da súa inclusión na oferta do centro, en atención ao seu proxecto educativo.

c) Profesorado que a impartirá no ano académico en curso.

d) Currículo da materia, conforme o establecido no **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**.

A carga horaria destas materias será dun ou de dous períodos lectivos semanais.

Cando no horario establecido como de libre configuración do centro se opte por dedicalo ao afondamento e/ou reforzo dalgunha materia, a súa avaliación estará integrada na materia obxecto do afondamento e/ou reforzo.

16. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Para o desenvolvemento deste apartado tomaremos como referencia o Art. 22.2 da **Orde ECD/1361/2015** e o Art. 8 da **Orde do 9 de xuño de 2016** onde se concreta a avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente:

En cada sesión de avaliación e ao finalizar cada curso, o profesorado realizará a avaliación dos procesos de ensino e da práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

- Análise dos resultados académicos, das aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e dos procedementos de avaliación.
- Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.
- Valorar a eficacia das medidas de atención á diversidade aplicadas.
- Valoración das relacións entre profesorado e alumnado.
- Pertinencia da metodoloxía didáctica e dos materiais curriculares.
- Valoración do ambiente e clima de traballo nas aulas.
- Adecuación da organización da aula e aproveitamento dos recursos do centro.

- Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

As conclusións da avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente poderán incluír propostas de mellora. Unha síntese desas conclusións formará parte da memoria final de cada un dos cursos.

17. AVALIACIÓN DAS CONCRECIÓNS CURRICULARES

A Concreción Curricular podería definirse como o paso da teoría recollida no currículo á posta en práctica desta teoría nun Proxecto Educativo. Así, a Concreción Curricular dun centro educativo, como todo proxecto, ha de ter un seguimento e una avaliación que valore os resultados da mesma e sirva de punto de partida para posibles modificacións na procura dunha continua mellora da práctica docente.

Seguindo esta necesidade o artigo 21 da **Orde ECD/1361/2015 pola que se establece o currículo de Secundaria establece que ao finalizar cada curso, o claustro, seguindo as directrices da CCP, levará a cabo a **avaliación da proposta curricular** e que esta avaliación deberá incluír, entre outros, os seguintes aspectos:**

- A adecuación da proposta curricular ao contexto e ás características do alumnado.
- Valoración da súa eficacia en relación coa consecución dos obxectivos da etapa e grao de integración das competencias clave no currículo.
- Adecuación dos principios metodolóxicos e didácticos establecidos.
- Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación adoptados.
- Pertinencia das medidas curriculares e organizativas de atención á diversidade.
- Validez dos criterios de promoción.
- Pertinencia dos criterios para a elaboración das programacións

didácticas.

- Validez das actuacións establecidas para a mellora dos resultados académicos.
- Detección dos aspectos mellorables e indicación dos conseguintes axustes.

18. LEXISLACIÓN VIXENTE

18.1 Lexislación a nivel estatal

- ✓ **Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación**, coas incorporacións e modificacións da *Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa* (texto consolidado-última modificación BOE 30-12-2013).
- ✓ **Ley Orgánica 3/2020, de 29 de decembro**, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- ✓ **Real Decreto 126/2014** polo que se establece o currículo básico da *Educación Primaria*. (BOE 1/03/2014).
- ✓ **Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro**, polo que se establece o currículo básico da *Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato*. (BOE de 3 de xaneiro).

18.2 Lexislación a nivel autonómico

- ✓ **Decreto 229/2011, de 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da *Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación* (DOG do 21 de decembro).
- ✓ **Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da *Comunidade*

Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- ✓ **Orde do 2 de marzo de 2021** pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

18.2.1 Na Educación Primaria

- ✓ **Decreto 105/2014, do 4 de setembro** polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de setembro de 2014) e en atención á nova configuración curricular que establece o agrupamento de disciplinas en tres bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica.
- ✓ **Orde 9 de xuño de 2016** pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.(DOG 10 de xuño). Corrección de erros, Orde do 9 de xuño de 2016 (DOG 17 de xuño), excepto os artigos 2,3 e 6 derogados pola **Orde do 25 de xaneiro de 2022**.
- ✓ **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

18.2.2 Na Educación Secundaria Obrigatoria

- ✓ **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 29 de xuño 2015).
- ✓ **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. (Derróganse os artigos 2, 5, 6 e 7, e os puntos 4, 5, 6, 7, 8 e 10 do artigo 4 da Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación

na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia).

PROCEDEMENTO, PRAZOS E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS QUE INTERVEÑEN NO PROCESO DE RECLAMACIÓN DE CUALIFICACIÓNS E DE DECISIÓNS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN

- Co fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento sexa valorado conforme a criterios de plena obxectividade, ao inicio de curso o centro adoptará as medidas precisas para informar ao alumnado e as familias acerca dos contidos, criterios de avaliación, estratexias e instrumentos de avaliación, así como dos criterios de cualificación e promoción, tal e como establece o marco normativo vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Seguindo o establecido na Orde do 2 de marzo de 2021 o centro establece e recolle no NOF o procedemento mediante o cal as persoas proxenitoras ou persoa que ostente a representación legal do menor pode solicitar aclaracións ao profesorado acerca do proceso de aprendizaxe e se é o caso presentar reclamación en relación coas decisións adoptadas como resultado da avaliación.

PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN NO CENTRO

A) Solicitude de revisión dunha cualificación final:

O alumnado e/ou os seus pais ou titores legais poderán solicitar, do profesorado ou persoas titoras, cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado de dito proceso.

No suposto de que, tralas oportunas aclaracións exista desacordo coa cualificación final obtida na área ou materia ou coa decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno, os seus pais ou titores legais poderán solicitar por escrito a revisión de dita cualificación ou decisión, **no prazo de dous días lectivos a partir daquel no que se produce a comunicación de notas.**

Unha vez finalizados os dous días de reclamación, no primeiro día seguinte ou hábil, o equipo docente en E. Infantil e E. Primaria ou **Departamento Didáctico** en ESO , analizará as solicitudes de revisión e realizará un informe para cada solicitude que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar e a decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto de revisión.

Nese informe deberán recollerse ademais os seguintes aspectos:

- a) Adecuación dos contidos e criterios de avaliación sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recollidos na correspondente programación didáctica.
- b) Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
- c) Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da área, materia ou ámbito.
- d) A decisión debidamente motivada da ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.

Ese informe será trasladado á **Xefatura de Estudos**, quen, **no seguinte día lectivo ou hábil**, comunicará por escrito aos pais a decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada e informará desta á persoa docente titora facéndolle entrega dunha copia do escrito cursado co xustificante de recepción pertinente asinado polos pais.

B) Solicitude de revisión da decisión de promoción ou titulación:

Nos seguintes dous días lectivos ou hábiles, despois de finalizado o período de reclamacións o equipo docente celebrará unha reunión extraordinaria na que se revisará o proceso de adopción da dita medida á vista das alegacións realizadas. Levantarase acta desa reunión na que se recollerán:

- a) descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar,
- b) puntos principais das deliberacións do equipo docente
- c) ratificación ou modificación da decisión obxecto da revisión, razoada e motivada conforme os criterios para a promoción ou titulación dos alumnos establecidos con

carácter xeral na proposta curricular.

A persoa titora trasladará a acta ao **Director**, quen comunicará por escrito aos pais do alumno a ratificación ou modificación razoada da decisión de promoción ou titulación, o que porá fin ao procedemento de revisión.

Se, tras o proceso de revisión, procedese a modificación dalgunha cualificación final, ou ben da decisión de promoción ou titulación adoptada, **o Secretario** do centro, co visto e prace do **Director**, anotará nas actas de avaliación e, se é o caso, no expediente e no historial académico, a oportuna dilixencia.

As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente, que se lle remitirán en formato dixital.

PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN ANTE A XEFATURA TERRITORIAL

No caso de que, tras o procedemento de revisión no centro, persista o desacordo coa cualificación final de curso obtida nunha área, materia ou ámbito ou coa decisión sobre a promoción ou titulación adoptada polo equipo docente, os pais ou titores legais poderán presentar por escrito ao **Director** do centro, no prazo de **dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada**, reclamación ante a xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

O **Director**, no prazo máis breve posible e en todo caso non superior a **tres días hábiles**, remitirá o expediente á xefatura territorial. O expediente incluirá:

- a) os informes elaborados no centro,
- b) copia fiel dos instrumentos de avaliación que xustifiquen as informacións acerca do proceso de avaliación do alumno
- c) se é o caso, as novas alegacións do reclamante e o informe, se procede, do Director sobre estas.

O servizo de **Inspección educativa**, analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da programación didáctica do equipo docente ou departamento didáctico respectivo e da proposta curricular, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á estimación da reclamación en función dos seguintes criterios:

- a) Adecuación dos contidos e criterios de avaliación sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recollidos na correspondente programación didáctica.
- b) Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
- c) Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da área, materia ou ámbito.
- d) Cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde.

O Servizo de Inspección Educativa poderá solicitar a colaboración de persoal docente especialista nas áreas, materias ou ámbitos a que faga referencia a reclamación para a elaboración do seu informe, así como solicitar aqueles documentos que considere pertinentes para a resolución do expediente.

No prazo de **quince días hábiles** a partir da recepción do expediente, considerando a proposta incluída no informe que elabore o Servizo de Inspección Educativa, a **xefatura territorial** adoptará a resolución pertinente, que será motivada en todo caso, e que se comunicará inmediatamente ao **Director do centro** para a súa aplicación e traslado á persoa interesada e que será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación. A resolución da xefatura territorial **poñerá fin á vía administrativa**.

Se, tras o proceso de revisión, procede a modificación dalgunha cualificación final e dos consecuentes efectos de promoción ou titulación para o alumno, o **Secretario** do centro, co visto e prace do **Director**, expedirá a correspondente dilixencia nas actas, no expediente académico e, se é o caso, nos restantes documentos de avaliación, facendo referencia á resolución estimatoria da reclamación.

Cando, á vista da resolución adoptada pola xefatura territorial, poida ser necesario modificar algunha das decisións previas adoptadas, reunirase o equipo docente en sesión extraordinaria.

De conformidade co artigo 119.3 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*, o exercicio do dereito á revisión e reclamación de cualificacións **non pode resolverse cunha cualificación menor da inicialmente obtida.**

Calendario de reclamacións das cualificacións e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e 1º Bacharelato		Prazo
Trámites e actuacións		
<u>Presentación</u>	Reclamación formal ante a dirección	Dous días lectivos ou, se é o caso, hábiles desde o día seguinte á comunicación
<u>Revisión no centro</u>	Decisión de modificación ou ratificación da cualificación final (Informe do equipo docente ou departamento didáctico)	Primeiro día lectivo seguinte ou, ou, se fose o caso, hábil a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión
	Reunión extraordinaria para revisar o proceso de adopción da decisión de promoción ou titulación á vista das alegacións realizadas.	Dous días lectivos ou, se é o caso, hábiles desde a finalización do período de solicitude de revisión
	Comunicación da decisión ao alumnado reclamante, e á persoa docente titora	Día lectivo , ou se fose o caso, hábil, seguinte
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final	Tras o proceso de revisión
<u>Reclamación ante a Xefatura Territorial</u>	Reclamación ante a Xefatura Territorial no caso de que persista o desacordo	Dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final	Tras o proceso de revisión

Reclamación no centro

DATA:
ASUNTO: RECLAMACIÓN CONTRA AS CUALIFICACIÓNS FINAIS

Ref.: Reclam_cualif-final
DESTINATARIO: SR./SRA. DIRECTOR/A DO CPI PLURILINGÜE DA PICOTA

ALUMNO/A:		DNI:
Persoa que formula a reclamación e relación co/coa alumno/a		DNI:
Enderezo a efectos de notificacións		
MATERIA		
CURSO		

Visto que a cualificación final dada na citada materia e nivel foi a seguinte: e estando en desacordo coa mesma, fórmulase a presente reclamación en base aos seguintes feitos:

Feitos/motivos alegados na reclamación

a)	A avaliación que se levou a cabo non foi adecuada aos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recolleitos na correspondente programación didáctica.
b)	Os procedementos e os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme o sinalado na programación didáctica.
c)	A aplicación dos criterios de cualificación e avaliación establecidos na programación didáctica para a superación da área ou materia non foi correcta.

Adicionalmente aos feitos alegados en xeral, fago tamén constar as seguintes consideracións de valoración, para que sexan observadas e tidas en conta na decisión sobre a presente reclamación:

--

Documentación achegada coa reclamación:

--

En _____, a ____ de _____ de 20

O/a alumno/a ou persoa reclamante*

Asdo.:

* A reclamación será formulada polo/a alumno/a no caso de ser maior de idade e polas súas persoas proxenitoras ou persoa que ostente a representación legal, no caso de ser menor de idade.

Informe de departamento/equipo docente

En....., sendo as horas do día de de 20.., reúnen-se os membros do departamento/equipo docente que se citan de seguido, para tratar a revisión da cualificación final outorgada polo/a profesor/a ao/á alumno/a de da materia/área

ASISTENTES:

Recibida da dirección do centro, en prazo e forma, a reclamación en primeira instancia sobre a cualificación final outorgada ao/á alumno/a arriba indicado, este departamento/equipo docente, logo de examinar as actuacións seguidas no proceso de avaliación do/a alumno/a, no marco da programación didáctica, informa o seguinte:

1. Descrición de feitos e actuacións previas

2.-Analizada a adecuación dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe sobre os que se realizou a avaliación do proceso de aprendizaxe do/a alumno/a reclamante, en relación co establecido na programación didáctica, conclúese que a súa correspondencia é a que se indica:

Elemento da programación	Corresponden cos establecidos na PD	Non se corresponden
Obxectivos		
Contidos		
Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe		

3.-Analizados os procedementos e instrumentos de avaliación aplicados ao/á alumno/a reclamante en relación co sinalado na programación didáctica, dedúcese que si foron/non foron correctamente desenvolto, xa que

4.-Analizada a aplicación dos criterios de cualificación, comprobando que estes se corresponden cos establecidos na/s páxina/as.....da programación didáctica, estímase que foron/non foron correctamente aplicados, xa que.....

5.-Considerando a información obtida da análise dos elementos anteriores, os membros do departamento acordan por unanimidade / maioría

	Ratificar la cualificación anteriormente outorgada.
	Modificar a cualificación de outorgada na sesión de avaliación ordinaria/extraordinaria por

A xefatura do departamento/ A persoa titora
Asdo.:

Sinatura dos restantes membros do
departamento/equipo docente

Comunicación dirección reclamación cualificacións

Asunto: Reclamación á cualificación

Reclamante:

Materia:

Curso:

Vista a reclamación presentada por alumno/a no CPI Plurilingüe da Picota perante a dirección do centro o día contra a cualificación final outorgada na materia de curso de educación infantil/educación primaria/ESO/Bacharelato, tendo en consideración:

Primeiro:

Segundo:

COMUNICA

A decisión de ratificación/modificación da cualificación final obxecto de revisión mantendo/outorgando a cualificación de ante a reclamación presentada en data por contra a cualificación outorgada na materia de de educación infantil/educación primaria/ESO/Bacharelato.

Contra a decisión de ratificación ou modificación da cualificación revisada, de persistir o desacordo coa cualificación final, poderase presentar por escrito á dirección do *nome do centro*, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, reclamación ante a Xefatura Territorial de da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

En, a, de 20.....

O/A Xefe/a de estudos

Asdo.:.....

Reclamación ante a Xefatura Territorial de A Coruña

DATA:
ASUNTO: RECLAMACIÓN ANTE A XEFATURA TERRITORIAL CONTRA AS CUALIFICACIÓNS FINAIS

Ref.: Reclam_cualif-final_XT
DESTINATARIO: SR./SRA. DIRECTOR/A DO CPI PLURILINGÜE DA PICOTA

ALUMNO/A:		DNI:
Persoa que formula a reclamación e relación co/coa alumno/a		DNI:
Enderezo a afectos de notificacións		
MATERIA		
CURSO		

Visto que a cualificación final dada na citada materia e nivel foi a seguinte: e estando en desacordo coa decisión adoptada tras o procedemento de revisión no centro comunicada en data, formúlase a presente reclamación para a súa elevación ante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de A Coruña en base aos seguintes feitos:

Feitos/motivos alegados na reclamación	
a)	A avaliación que se levou a cabo non foi adecuada aos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recolleitos na correspondente programación didáctica.
b)	Os procedementos e os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme o sinalado na programación didáctica.
c)	A aplicación dos criterios de cualificación e avaliación establecidos na programación didáctica para a superación da área ou materia non foi correcta.

Adicionalmente aos feitos alegados en xeral, fago tamén constar as seguintes consideracións de valoración, para que sexan observadas e tidas en conta na resolución da presente reclamación:

Documentación achegada coa reclamación:

En _____, a ___ de _____, de 20
O/a alumno/a ou persoa reclamante*
Asdo.:

* A reclamación será formulada polo/a alumno/a no caso de ser maior de idade e polas súas persoas proxenitoras ou persoa que ostente a representación legal, no caso de ser menor de idade.

INFORME DE AVALIACIÓN FINAL

(Alumnado con Necesidades específicas de apoio educativo)

DATOS PERSOAIS DO/A ALUMNO/A

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Idade:

Nivel/Etapa:

Titor/a:

O/A alumno/a ten Informe psicopedagógico: SI NO

Síntese do historial educativo

- Medidas de atención á diversidade:
- Áreas nas que presenta maiores dificultades:
- Flexibilización en E. Infantil:
- Repeticións:

Síntese das dificultades do/a alumno/a:

- | | | | |
|------------------------------------------------------|------------------------------------------------|----------------------------------------------|---------------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Linguaxe oral | <input type="checkbox"/> Comprensión oral | <input type="checkbox"/> Comprensión lectora | <input type="checkbox"/> Expresión oral |
| <input type="checkbox"/> Expresión escrita | <input type="checkbox"/> Ortografía | <input type="checkbox"/> Grafía | <input type="checkbox"/> Memoria |
| <input type="checkbox"/> Atención perceptiva | <input type="checkbox"/> Concentración | <input type="checkbox"/> Razoamento | <input type="checkbox"/> Inquietude motriz |
| <input type="checkbox"/> Impulsividade | <input type="checkbox"/> Lentitude | <input type="checkbox"/> Motivación | <input type="checkbox"/> Autoestima |
| <input type="checkbox"/> Falta de estratexias de E-A | <input type="checkbox"/> Estilo de aprendizaxe | <input type="checkbox"/> Hábito de estudo | <input type="checkbox"/> Técnicas de estudo |
| <input type="checkbox"/> Esforzo | | | |
| <input type="checkbox"/> Outras: | | | |

INFORME DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS ACS

CURSO:	Trimestre:
--------	------------

1. DATOS XERAIS	
CENTRO	CPI Plurilingüe da Picota
ALUMNO/A	
DATA/S DE AUTORIZACIÓN/REVISIÓN DA ACS	
PERÍODO/VIXENCIA DA ACS	
ÁREAS/MATERIAS ADAPTADAS	

2. DATOS RESUMO DAS CARACTERÍSTICAS/TRAZOS MÁIS SALIENTABLES QUE DEFINEN EN XERAL AO ALUMNO/A

3. INTERVENCIÓN (reforzos, apoios e organización xeral do proceso de ensino-aprendizaxe):

4. ASPECTOS TRABALLADOS (en xeral e por áreas):

4.1. EN XERAL

4.2. POR ÁREAS

Área / Materia 1.-	
Aspectos trabajados/indicadores	Valoración

Área / Materia 2.-	
Aspectos trabajados/indicadores	Valoración

Área / Materia 3.-	
Aspectos trabajados/indicadores	Valoración

Área / Materia 4.-	
Aspectos trabajados/indicadores	Valoración

Área / Materia 5.-	
Aspectos trabajados/indicadores	Valoración

Área / Materia 6.-	
Aspectos trabajados/indicadores	Valoración

Área / Materia 7.-	
Aspectos trabajados/indicadores	Valoración

Área / Materia 8.-	
Aspectos trabajados/indicadores	Valoración

Área / Materia 9.-	
Aspectos trabajados/indicadores	Valoración

Área / Materia 10.-	
Aspectos trabajados/indicadores	Valoración

En A Picota, a de de 20 Asdo. A Orientadora

CONSELLO ORIENTADOR DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

DATOS PERSOAIS

CURSO 20 ____/20 ____

Apelidos:		Nome:	
Data de nacemento:	DOI:	Nacionalidade:	
Enderezo:	CP:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Correo-e:	Código Xade:	

DATOS ACADÉMICOS

Ano académico:	Curso:	Grupo:
Medidas curriculares:	<input type="checkbox"/> Adaptación curricular <input type="checkbox"/> Reforzo	
Medidas organizativas:		
Materias pendentes:		

REPETICIÓN DE CURSO

Educación primaria	<input type="checkbox"/> 1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/> 5º <input type="checkbox"/> 6º
Educación Secundaria Obrigatoria	<input type="checkbox"/> 1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE RECIBIDAS NA ETAPA

ANO ACADÉMICO	CURSO	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
		<input type="checkbox"/> Adaptación curricular <input type="checkbox"/> Reforzo <input type="checkbox"/> Medidas organizativas: _____
		<input type="checkbox"/> Adaptación curricular <input type="checkbox"/> Reforzo <input type="checkbox"/> Medidas organizativas: _____
		<input type="checkbox"/> Adaptación curricular <input type="checkbox"/> Reforzo <input type="checkbox"/> Medidas organizativas: _____
		<input type="checkbox"/> Adaptación curricular <input type="checkbox"/> Reforzo <input type="checkbox"/> Medidas organizativas: _____

MANIFESTA INTERESE POR

<input type="checkbox"/> Non seguir estudando <input type="checkbox"/> Seguir na ESO <input type="checkbox"/> Cursar bacharelato <input type="checkbox"/> Cursar formación profesional

PROPOSTA EDUCATIVA (Incorporarase ao historial académico do alumno)

<input type="checkbox"/> Promoción ao curso seguinte	1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> Reforzos	<input type="checkbox"/> Outros
<input type="checkbox"/> Repetir curso	1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> Reforzos	<input type="checkbox"/> Outros
Opción matemáticas 3º ESO	<input type="checkbox"/> Académicas <input type="checkbox"/> Aplicadas		
Opción 4º ESO	<input type="checkbox"/> Ensinanzas académicas <input type="checkbox"/> Ensinanzas aplicadas		
<input type="checkbox"/> Incorporación a PMAR	<input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º		
<input type="checkbox"/> Incorporación a Formación Profesional Básica			
<input type="checkbox"/> Incorporación a Formación Profesional de Grao Medio			
<input type="checkbox"/> Incorporación a Programa Formativo			
<input type="checkbox"/> Incorporación a ensinanzas de adultos			
<input type="checkbox"/> Outra:			

CONSELLO ORIENTADOR DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS DA ETAPA	GRAO DE ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	
	COMPETENCIA	CUALIFICACIÓN *
<input type="checkbox"/> Non acadou os obxectivos	Comunicación lingüística	
	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	
<input type="checkbox"/> Acadou os obxectivos suficientemente	Competencia dixital	
	Aprender a aprender	
<input type="checkbox"/> Acadou os obxectivos de xeito destacado	Competencias sociais e cívicas	
	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	
	Conciencia e expresións culturais	

*Insuficiente, Suficiente, Ben, Notable ou Sobresaliente

OBSERVACIÓNS

En A Picota a de de 20

V. e pr.

O/A titor/a

O/A orientador/a

O/A director/a

Selo do centro

